



# GUÍA DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE **CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO AVÍCOLA (RD 637/2021)**

**1.- INTRODUCCIÓN**

**2.- NIVEIS DE CAPACITACIÓN**

**3.- TEMARIO DO CURSO**

**4.- REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN DE APTO NO CURSO**

**5.- ACCESO Á PLATAFORMA**

**6.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA**

**7.- CONTACTO COS TITORES**

**8.- EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DE CAPACITACIÓN**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL

PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN



## GUÍA DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DO CURSO CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO AVÍCOLA (RD 637/2021)

### MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

#### 1. INTRODUCCIÓN:

Co motivo de adecuar un sector relevante na gandaría e en constante evolución como é a produción de gando avícola, co marco lexislativo en materia de sanidade animal e ambiental, publicouse o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.

Ten por obxecto establecer as normas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións avícolas, incluídas as condicións mínimas de infraestrutura, equipamento e manexo, localización, bioseguridade e condicións hixiénico-sanitarias e requisitos ambientais, que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade gandeira no sector avícola, conforme á normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais, medioambiente e cambio climático.

No ámbito sanitario hai que destacar a importancia de harmonizar e incrementar as medidas hixiénico-sanitarias e de bioseguridade.

Así mesmo, hai que ter en conta que, na loita fronte ás enfermidades animais, a prevención é fundamental, para o que desempeña un papel básico a bioseguridade, pero tamén o tratamento das mesmas faise necesario. Neste sentido, cabe sinalar que, aínda que o uso de antimicrobianos na produción avícola resulta imprescindible en determinadas circunstancias, tamén pode contribuír ao incremento das resistencias antimicrobianas, polo que se debe facer fincapé no uso responsable dos medicamentos veterinarios. De feito, combater a resistencia antimicrobiana é unha prioridade básica na Unión Europea, que estableceu unha estratexia común fronte a esta cuestión.

Adicionalmente, na norma establécense de forma clara as funcións e deberes de todas as persoas e entidades con responsabilidade nunha granxa avícola, e ademais introdúcese a necesidade de contar cun veterinario de explotación, definido na Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal, do que tamén se recollen as súas responsabilidades e funcións.

En canto ao ámbito ambiental, a emisión de gases contaminantes á atmosfera converteuse nun dos principais problemas a escala mundial. En concreto, dentro do ámbito gandeiro, a produción avícola pode ter un impacto significativo, especialmente



en relación coa produción de nitratos e a emisión de amoníaco á atmosfera e, en menor medida, na produción de emisións de gases de efecto invernadoiro (metano e óxido nítrico). A norma incorpora, por unha banda, a necesidade de levar a cabo unha adecuada xestión dos esterco e, por outro, un programa de redución de emisións.

De maneira subsidiaria, esta norma incorpora obrigacións e requisitos documentais para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de sanidade, benestar animal, hixiene e bioseguridade, establecendo ademais una asignación de competencias adecuada ao nivel de responsabilidade do persoal das granxas e obriga a contar co **Sistema Integral de Xestión das Explotacións avícolas**, que debe actualizarse cada 5 anos.

De acordo co establecido no RD 637/2021, considérase un aspecto importante garantir que todas as persoas en contacto cos animais posúan una formación adecuada e suficiente.

O titular da explotación asegurase de que todas as persoas que traballan coas aves na explotación teñan unha formación adecuada e suficiente, de acordo os seguintes principios:

a) Todas as persoas que traballan coas aves deberán ter un mínimo de formación de 20 horas, sobre as materias e contido mínimo que figura no anexo IV, nun prazo máximo de 6 meses contados desde a data de inicio do seu traballo na explotación, sen prexuízo do que establece a normativa específica en materia de benestar animal e tratamentos biocidas.

b) De maneira adicional, o titular da explotación asegurase de que todos os traballadores en contacto coas aves realizan, de maneira periódica e en todo caso polo menos una vez cada cinco anos, cursos de adecuación dos coñecementos aos avances técnicos da actividade, baseados nas materias incluídas no anexo IV, cunha duración mínima de 10 horas.

Esta formación vai encamiñada a garantir que o persoal que traballe ou queira traballar en instalacións de aves, encargado do cuidado e manipulación dos animais adquira os coñecementos e a competencia profesional necesarios para desenvolver o seu traballo de acordo coas esixencias da nova normativa.

## **2.- NIVEIS DE CAPACITACIÓN:**

Certificación do curso FORMACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO AVÍCOLA (Rd 637/2021) para cumprir co requerimento do Real Decreto 637/2021

## **3.- TEMARIO DO CURSO:**

### **1. Características da Produción avícola:**

a) Características xerais das aves e principais especies avícolas de interese produtivo.



b) Morfoloxía e fisioloxía do gando avícola.

c) Alimentación e sistemas de aloxamento. Necesidades dos animais.

**2. Manexo (en función da actividade concreta que se vaia a desenvolver):**

a) Principais técnicas de manexo en pitos de engorde (fase de cría, recria e produción).

b) Principais técnicas de manexo en galiñas poñedoras.

c) Principais técnicas de manexo en galiñas reprodutoras, de recria e adultas.

d) Principais técnicas de manexo noutras especies.

e) Manexo dos ovos (recollida, clasificación e comercialización).

**3. Sanidade animal, hixiene e bioseguridade:**

a) Hixiene e bioseguridade en explotacións avícolas e especificamente en explotacións con acceso ao aire libre.

b) Actuacións na prevención e control de enfermidades animais.

c) Inspección e observación de animais enfermos.

d) Recoñecemento dos síntomas/síndromes asociadas ás enfermidades de declaración obrigatoria.

e) Interacción entre saúde animal, benestar dos animais e saúde humana.

f) Resistencia aos tratamentos, incluída a resistencia antimicrobiana e as súas consecuencias.

**4. Benestar animal:**

a) Comportamento animal: diferenzas entre as distintas especies avícolas.

b) Matanza de emerxencia.

**5. Xestión ambiental e loita contra o cambio climático das explotacións:**

a) Almacenamento do esterco.

b) Xestión do esterco.

c) Xestión dos residuos, xerados na explotación gandeira, perigosos e non perigosos, incluíndo a xestión de residuos veterinarios e residuos de pensos medicamentosos.

d) Xestión de emisións, ruídos e cheiros.

e) Consumo de auga e enerxía.

**6. Rexistro de información e documentación que se deben manter na explotación.**

**7. Normativa vixente no ámbito europeo, nacional, autonómico e local relacionada.**

**4.- REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN DE APTO NO CURSO:**

O curso ten unha duración dunhas 12 días, desde a apertura na plataforma ata a realización do **EXAME**, onde o alumno terá que:

**1) Acadar un tempo de conexión mínimo de 14 horas.** Este tempo podería verificalo a través da ferramenta de dedicación que atopará na plataforma, situada na parte superior dereita.

**Dedicación ao curso**


O teu tempo de dedicación estimado é:

1 hora 1 min

**2) Visualizar todo o contido** que forma parte do curso, de maneira regular ao longo do tempo no cal o curso estará aberto.



Podemos ver que rematamos a visualización do tema cando se cubre o recadro que temos a dereita, no seguinte exemplo temos visualizado o módulo 1 da materia. No caso de visualización dos vídeos, **non deixará continuar ata que non pase o tempo completo de visualización do vídeo en cuestión.**



📁 > Taboleiro > Os meus cursos > CFBAAGAL

**⚠ Este curso está oculto e non é accesible para os estudantes. [Prema aquí para actualizar a configuración](#)** x

Xeral



 **Anuncios. Só Mestres**

 **Dúbdas e suxestións** 

Módulo 1

 **Xeneralidades da especie e da actividade produtiva** 



3) Acudir á clase presencial obrigatoria **que terán lugar no CFEA de Monforte de Lemos.**



<https://goo.gl/maps/Kx9CMZfxX4UnmxCR6>

4) Superar o **Exame presencial** coa cualificación de APTO.

O **Exame** consiste en contestar a unha batería de **30 preguntas** sobre os contidos recibidos durante o curso. As preguntas serán tipo test con **4 respostas posibles** por cada cuestión, das que **soamente unha é a válida. Cada acerto será valorado en UN PUNTO**, non descontado as respostas negativas . Para superar a proba será necesario acadar unha puntuación final de **15 PUNTOS**.

Por debaixo desta puntuación o alumno será considerado como **NON APTO**. Neste último caso, o alumno poderá optar a unha **segunda e/ou terceira oportunidade de exame**, sen necesidade de volver a inscribirse no curso, deben transcorrer cando menos unha semana entre avaliacións.

As cualificación de **APTO** ou **NON APTO** comunicaranse a través do servizo de mensaxería da plataforma de teleformación e, por norma xeral, nun prazo das 24h posteriores á finalización do exame.

#### 5.- ACCESO Á PLATAFORMA:

Poderase acceder con calquera navegador web compatible (Internet Explorer, Google Chrome, Mozilla Firefox...) a través do seguinte enlace:


<https://formacion-mediourural.xunta.gal/>

Unha vez matriculado o alumno poderá acceder ao curso, para o que deberá introducir o seu nome de usuario e contrasinal na plataforma:

**NOME DE USUARIO:** o seu DNI coa letra en maiúsculas. (*Exemplo: 00000000F*)

**CONTRASINAL:** A primeira vez que acceda será: Abcd.1234 (*ter en conta as maiúsculas e signos de puntuación*)

**O ACCESO Á PLATAFORMA SÓ ESTARÁ DISPOÑIBLE A PARTIR DA DATA INDICADA POLO TITOR**



### Teleformación da Consellería de Medio Rural

Esta é a páxina de acceso ao campus virtual da Consellería de Medio Rural onde o alumnado poderá visualizar aqueles cursos nos que está inscrito. Esta plataforma é un punto de encontro entre o alumnado e o profesorado que lle permitirá acceder ao contido dos cursos, recibir actualizacións e resolver cuestións relacionadas coa súa formación a través de foros ou titorías virtuais.



Unha vez prema no botón "Acceder" deberá cambiar a súa contrasinal. Recoméndase realizar o cambio antes de continuar.

> Preferencias > Conta de usuario > Cambiar contrasinal

Para continuar, deberá cambiar o seu contrasinal.

Cambiar contrasinal

Nome da persoa usuaria

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 dígito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos  
Os contrasinais pódense reutilizar logo de 5 cambios

Contrasinal actual \*

Novo contrasinal \*

Novo contrasinal (de novo) \*

Gardar os cambios

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con \*

O novo contrasinal deberá conter cando menos **8 caracteres**, entre os cales: cando menos **1 dígito**, **1 minúscula**, **1 maiúscula** e **1 carácter non alfanumérico** (un punto, unha coma, etc.)

Unha vez finalizado o proceso xa poderá acceder coa nova contrasinal ao curso no que está matriculado.

No caso de esquecer o contrasinal poderá recuperala facendo clic en **Esqueceu o seu nome de persoa usuaria ou o contrasinal?** que se atopa na páxina principal.

Deberá introducir o seu nome de usuario e premer en buscar.





> Acceder > Contraseñal esquecido

Para restabelecer o seu contraseñal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáremoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome da persoa usuaria

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

Enviáraselle ao correo electrónico facilitado as instrucións para a recuperación do contraseñal

Si ha suministrado un nombre de usuario o dirección correctos, se le debería haber enviado un email.

Contiene instrucciones sencillas para confirmar y completar el cambio de contraseña. Si sigue teniendo dificultades, contacte por favor con el administrador del sitio.

Continuar

## 6.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA:

### Inicio:

Unha vez dentro amosarase a xanela principal desde onde terá acceso, a través das diferentes pestanas situadas na parte superior, a:

Castellano (es) | Galego (gl)

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN

Inicio Panel de control Eventos Os meus cursos

Agochar bloques Pantalla completa

Personalizar esta páxina

Vista xeral das lapelas do curso

Favoritos Cursos

CURSO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL. BENESTAR ANIMAL NO TRANSPORTE

CURSO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL . MÓDULO XERAL

Axuda

Calendario

Maio 2022

dom	lun	mar	mér	xov	ven	sáb
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Próximos eventos


Non hai actividades próximas

Ir ao calendario...






- **Os meus cursos:** cursos que o alumno ten activos en cada momento. O curso estará visible a partir da data indicada na planificación e desde este momento o alumno poderá iniciar a visualización dos temas.



Inicio > Os meus cursos > FC2021F127115



- **Panel de control:** Pódese personalizar a orde de visualización dos cursos activos.




Inicio > Os meus cursos > FC2021F127115



**APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO (FC2021F127115)**


**Agochar bloques:** podemos ocultar os bloques de navegación da dereita da pantalla.




Inicio > Os meus cursos > M1:EA.2021\_ED53




- **Pantalla completa:** permítenos cambiar entre “pantalla completa” ou “vista estándar”



- **Mensaxes:** na parte superior dereita, onde recibirá as notificacións pertinentes por parte dos titores (inicio do curso, cualificacións e respostas as dúbidas que poidan xurdir sobre o temario).



- **Zona persoal:** onde se despregará un menú interactivo de configuración de preferencias.



Xa dentro do curso que ten aberto aparecerá a seguinte información:



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN

Inicio    Taboleiro    Eventos    Os meus cursos    Curso actual       [Activar a edición](#)

Buscar cursos             Ma

> Taboleiro > Os meus cursos > CFBAAGAL

Este curso está oculto e non é accesible para os estudantes. [Prema aquí para actualizar a configuración](#)

Xeral



**Anuncios. Só Mestres**

**Dúbdas e suxestións**

Módulo 1

**Xeneralidades da especie e da actividade produtiva**

Módulo 2

**Bioseguridade nas explotacións avícolas**

Os cadros da dereita indican o completado do módulo



Na parte central atópase a documentación correspondente ao curso, onde aparecen todos os temas que debe visualizar o alumno:



**MÓDULO I:**

Características xerais das aves e principais especies de aves de interese produtivo.

## CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS AVES E PRINCIPAIS ESPECIES DE AVES DE INTERESE PRODUTIVO

As aves son animais **vertebrados** co corpo cuberto de plumas, ás como extremidades dianteiras e un peteiro.

Entre as **principais características** das aves podemos destacar que:

- O seu corpo é **aerodinámico**, o cal facilita o seu desprazamento no aire.
- O seu corpo está cuberto por **distintos tipos de plumas** e segregan un aceite para evitar mollarse.
- A forma e o tamaño do **peteiro** varía segundo a especie e carecen de dentes.
- Teñen **ósos pneumáticos**.
- O seu sistema respiratorio presenta unha serie de **sacos aéreos**.
- Son animais **homeotermos**.
- Son animais **ovíparos**.



No caso de que aparezan vídeos, non deixa continuar ata que non pase o tempo completo de visualización do vídeo.

Na marxe superior dereita atopamos información para a navegación a través da plataforma, información administrativa e o Bloque **"Dedicación ao Curso"**.

### Dedicación ao curso

O teu tempo de dedicación estimado é:

50 mins 27 segs.

### **Bloque "dedicación ao curso":**

A plataforma de teleformación dispón dun bloque funcional para o cálculo dos tempos de dedicación dos alumnos en cada módulo formativo.

O cálculo fundaméntase en dous criterios:

**1. Tempo de conexión:** ou tempo de sesión é a fracción de tempo que pasa entre que o alumno se conecta (login) para acceder ao curso e o intre no que sae (logout) da plataforma.



**2. Intervalo entre clics:** O tempo máximo que pode discorrer entre dous clics consecutivos, que fai o alumno logueado dentro dun curso, para que compute o tempo de conexión como tempo de actividade. Esta medida serve para descartar tempo ocioso coa plataforma aberta, pero sen actividade por parte do alumno.

### **Clics válidos:**

Non todos os clics que se fan dentro da plataforma se rexistran como eventos vinculados ao curso. Certas accións non son recollidas como eventos ou "clics validos" para o computo de tempo en cada curso.

Así, entre as accións máis comúns que **non se rexistran** como evento para o cómputo de tempo dentro dun curso están:

- Loguearse e desloguearse continuamente na a plataforma. Estas accións non computan agás se abra e peche a páxina principal de cada curso.
- Cambiar perfil de usuario, mandar mensaxes, etc. Estas accións non computarán xa que non poden ser asignadas a un curso.
- Pasar páxinas dentro un tema. Abrir un tema, e xa dentro del, pasar páxinas non se rexistra como acción na plataforma.

**Si se rexistran** como evento para o cómputo de tempo as seguintes accións:

- a) Cada vez que vostede abre o curso. Facer clic e entrar na páxina principal do curso ou módulo.
- b) Cada vez que vostede abre un tema. Unha vez dentro do curso, abrir un tema calquera para velo.
- c) Ao Regresar a páxina do curso.
- d) Cada un dos intentos nas avaliacións

### **Consello:**

Recoméndase de vez en cando premer a tecla **F5** para que se actualice en tempo real o cronómetro de "Dedicación ao curso".

### **Actividades:**

En cada unidade hai unha serie de actividades que o alumno debe responder e poñer a proba os coñecementos adquiridos, pódense facer varios intentos ata responder correctamente e servirá para a preparación do exame final.



**MÓDULO I:**  
Características generales de las aves y principales especies de aves de interés productivo.

AXENCIA GALEGA  
DA CALIDADE  
ALIMENTARIA

### QUIZ

1. A restrición de alimento na fase de cría e recria de reprodutores ten como obxectivo unha velocidade de crecemento correcta.  
a) Verdadeiro.  
b) Falso.

2. Antes do transporte, as aves deben ser sometidas a unha restrición de auga de bebida nas 24 horas anteriores.  
a) Verdadeiro.  
b) Falso.

3. O programa de luz que aplicamos (fotoperíodo e intensidade lumínica) permítenos regular o estímulo e controlar a madurez sexual dos reprodutores.  
a) Verdadeiro.  
b) Falso.

Correcto X

Correcto! Elixiches a resposta correcta.

Continuar

Comprobar

13 / 50

### Autoavaliación:

Estará dispoñible o día indicado na planificación (ata esa data estará oculto) e constará de 10 **preguntas** aleatorias tipo test. Para superalo, deberás responder correctamente a 7 preguntas, para o que disporás de intentos ilimitados. En cada intento poderán saír preguntas novas, todas elas extraídas dun banco de preguntas. A súa realización non é obligatoria, pero sí recomendable, de cara á preparación do exame presencial.


Estado "oculto":

#### AVALIACIÓN FINAL

Non dispoñíbel

Estado "visible":

#### AVALIACIÓN FINAL

 Avaliación final

## 7. CONTACTO COS TITORES:

O alumno poderá poñerse en contacto cos titores preferentemente a través do servizo de mensaxería da propia plataforma, ou ben por correo electrónico ou por teléfono. Darase contestación ás preguntas expostas nun prazo máximo de 24h, a través do mesmo medio.

Os titores están identificados na plataforma coa seguinte imaxe:



## 8. EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DE COMPETENCIA:

Na xornada presencial **deberá aportar o xustificante de pagamento de taxas** necesarios para a expedición do **Certificado de Formación para persoal que traballe con gando avícola (RD 637/2021)**